



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

Expediente Contratación : 2023/005-P2

PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS E TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE AUDITORÍA

Antecedentes.-

O Galp Costa Sostible con CIF: G70196225 e domicilio social en Curro da Praza 1, 15250 Muros, é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión da prioridade 3 do FEMPA, e está suxeita ao convenio asinado con esta entidade para a xestión destes fondos. Dito convenio ten por obxecto establecer as regras que deberán aplicar ambas partes na xestión de Estratexia de Desenvolvemento local participativo, e en particular as funcións e obrigas que asume o Galp como entidade colaboradora da Consellería do Mar.

Na cláusula décimo sexta do mencionado convenio: **Gastos de Funcionamento e Animación dos Galp**, menciónase a tipoloxía de gastos obxecto de subvención e no apartado h do punto 8, especificase que a xustificación de ditos gastos acompañarase dun informe dun auditor de contas inscrito no ROAC que cumpra coas instrucións específicas que se diten ao respecto e que certifique:

- Que as subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custe se certifica foron efectivamente realizadas.
- Os gastos declarados en cada certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagados.

Ditos gastos serán xustificados trimestralmente ou no momento do esgotamento dos anticipos.

Na cláusula vixésimo primeira **Funcións do Galp**, no procedemento de concesión de axudas no apartado c) Respecto ás certificacións dos proxectos nas que os Galp non son beneficiarios no punto 3º especificase que se remitirá un informe de auditoría con cada certificación que presente o Galp á Consellería do Mar, conforme se estableza



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

no Réxime de axudas, igualmente deberá ser elaborado por auditor externo inscrito no Roac.

Asemade, os GALP terán en conta as instrucións, que emita o Organismo Intermedio de Xestión, en materia de contratación (OIX, en adiante), neste caso a Instrución 1/ 2023 sobre os procedementos de contratación dos Galp do 21 de xuño.

A execución do FEMPA require a adaptación da contratación dos GALP, como entidades colaboradoras á normativa de contratación pública da Unión Europea, concretamente á Directiva 2014/24/UE sobre contratación pública e á Lei Nacional 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español das Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE.

Prego de prescricións administrativas

Entidade contratante.-

Galp Seo Fisterra Ría Muros Noia Costa Sostible.

Obxecto do contrato.-

Servizo de auditoría para gastos de xestión (funcionamento e animación) e comprobación das xustificacións de proxectos financiados ao abeiro da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do GALP Costa Sostible 2021 -2027.

Tipo de contrato.-

Contrato de servizos segundo prescricións técnicas.

Lotes.-

Esta contratación non está dividida en lotes. Pola natureza continua dos traballos a realizar, a súa división e posible contratación con distintas empresas podería ocasionar dilacións, e incumprimento de prazos o que dificultaría o normal funcionamento do



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

servizo e o importe de contratación, de contía non elevada, non restrinxe o acceso a pequenas e medianas empresas.

Requisitos de solvencia.-

Só poderán optar ao proceso de adxudicación aqueles licitadores que cumpran os seguintes requisitos:

Os licitadores deberán ter inscrición vixente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (R.O.A.C.).

Para a realización dos traballos mencionados, o adxudicatario deberá dispoñer dos recursos materiais e humanos suficientes, adaptados ao volume das actividades a desenvolver e os prazos de execución establecidos no plan de traballo. De acordo co establecido no artigo 76.2 de la LCSP, o licitador deberá adscribir un equipo mínimo de traballo formado por un xefe de equipo ou auditor principal que terá a interlocución coa xerencia do Galp e dous técnicos.

Os distintos adxudicatarios acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o servizo, acreditando experiencia na auditoría de entidades que xestionan fondos europeos, tanto no ámbito da xestión como na comprobación de proxectos financiados con estes fondos durante un mínimo de tres anos. Dita experiencia acreditarase cun certificado emitido polas distintas entidades.

Acreditarán a súa solvencia económica para desenvolver o contrato mediante declaración responsable onde consta o volume da cifra de negocios nesta actividade durante os tres últimos anos, e aportarán o recibo do último pago do seguro de responsabilidade civil para o desenvolvemento da mesma.

- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II A que acompaña a estas bases.
- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

Procedemento de contratación.-

Procedemento para a adxudicación de contratos para necesidades continuas dos Galps ou esporádicas con determinados valores estimados segundo Instrución 1/2023 para procedementos de contratación dos Galp do 21 de xuño emitida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.-

O cálculo do orzamento base de licitación desta contratación realizouse tendo en conta os prezos habituais no mercado deste tipo de contratos e o custe do servizo de auditoría do Galp Costa Sostible, no programa FEMP (2014-2020).

Para determinar o orzamento base do contrato estimáronse un total de 100 informes de auditoría no período 2023-2026 dos que 20 corresponden á auditoría de gastos de xestión e oitenta á auditoría de proxectos, a estimación destes oitenta informes pode variar dependendo do número de proxectos que se presenten en cada convocatoria e da casuística de cada un deles, a estimación reflexada basease nos datos do programa anterior (2016-2021).

O orzamento base de licitación é de 599,00€ (IVE excluído) por informe, non aceptándose ningunha proposta por riba desta contía.

O valor estimado do contrato e de 59.999,99 € (IVE excluído) . No caso de que o número de informes necesario supere as cifras estimadas, o valor estimado do contrato incrementarase na mesma proporción ata o limite máximo do 20 % 71.880,00 € (IVE excluído).

Criterios de Adxudicación e valoración .-

Para a valoración das ofertas presentadas atenderase aos seguintes criterios:

a)Criterios avaliados de forma automática :

- Experiencia de mais de dous anos na auditoría de entidades que xestionan fondos europeos por parte do equipo técnico asignado ao servizo: (Máximo 30 puntos).

-Valorarase con tres puntos os anos de experiencia na auditoría de programas de axudas que xestionen Fondos IFOP; FEP , ou FEMP partindo do umbral de dous



anos, de cada membro do equipo técnico asignado ao servizo (a excepción do auditor ou auditora principais) ata un máximo de trinta puntos.

A experiencia acreditarase mediante certificado emitido pola entidade contratante onde se especifique o equipo técnico encargado do traballo e as datas dos traballos realizados por cada un dos seus membros, e mediante informe de vida laboral de cada un dos membros do equipo técnico adxudicado a licitación.

b) Oferta económica: (máximo 60 puntos)

Valoraranse con cero puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adxudicación o orzamento base máximo de licitación establecido neste Prego.

Valorarase con setenta (60) puntos a oferta que propoña o mellor prezo de entre as ofertas admitidas.

Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas admitidas realizarase mediante un cálculo proporcional utilizando a seguinte fórmula:

$$\text{Puntos a} = 60 \times \left(\frac{P_m - P_a}{P_m - P_b} \right)$$

Sendo:

Puntos a = puntuación valoración económica da oferta "a"

P_m = orzamento base máximo de licitación (sen IVE)

P_a = prezo da oferta "a" (sen IVE)

P_b = prezo da oferta máis baixa das admitidas (sen IVE)

Quedarán excluídas do procedemento de adxudicación:

- a) Aquelas ofertas que superen o orzamento base máximo de licitación.
- b) Aquelas ofertas cuxo prezo sexa máis de un dez por cento inferior á media das ofertas presentadas, no caso de tres ou mas licitadores ao considerarse baixa temeraria. No caso de dous licitadores considerarase baixa temeraria aquela oferta que estea por debaixo do 20% da media das ofertas presentadas.

O contrato adxudicarase á entidade con maior puntuación segundo os criterios especificados no apartado anterior, no caso de empate nas puntuacións atenderase ao número de mulleres ou persoas con discapacidade que compoñen o equipo técnico asignado á contratación.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

c) Melloras ao prego: (10 puntos):

Valorarase como mellora o compromiso de realización de quince informes de verificación e control dos proxectos financiados polo Grupo durante o período de vixencia do contrato. **A realización destes informes será consensuada coa xerencia do Grupo.**

Prazo e forma de presentación.-

As propostas de oferta se axustarán aos pregos publicados e a súa presentación supón a aceptación sen condicións da licitación:

- Cada licitador presentará coa súa oferta, a declaración responsable do Anexo II A) que acompaña a estas bases.
- As proposicións dos interesados se presentarán nun mínimo de dous sobres pechados. No SOBRE A ou SOBRE 1, incluírase a documentación acreditativa do cumprimento de requisitos de capacidade e solvencia da empresa. Será causa de exclusión da licitación, introducir calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica. No SOBRE C ou SOBRE 3, incluírase a documentación relativa aos criterios avaliábeis de forma automática. Na oferta económica especificarase o prezo por informe e o prezo total da contratación co IVA desagregado e a documentación acreditativa do cumprimento de criterios avaliábeis de forma automática.

As ofertas presentaranse na sede do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo de Fisterra Ría de Muros e Noia, sito en Edificio Administrativo Rúa Espírito Santo nº 4. 15200. Noia - A Coruña. Teléfono 981822754, en horario de atención ó público (8:30 a 15:00 horas), ou por correo certificado dirixido ao apartado de correos número 20 desta entidade sempre que se acredite a data de envío pola oficina de correos, dentro do prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no seguinte enlaces : <https://galp.xunta.gal/seo-fisterra-ria-muros-noia>



Mesa de contratación, apertura de proposicións e proposta de adxudicación.-

- Constituirase, preceptivamente, unha Mesa de Contratación, encargada de formular a proposta de adxudicación do contrato, tras a apertura e valoración das ofertas presentadas polos licitadores.
- Unha vez transcorrido o prazo da presentación das ofertas, a Mesa de Contratación reunirse no prazo máximo de quince días naturais para proceder á apertura do sobre A e comprobar a ausencia de conflito de interese por parte dos membros da Mesa cos distintos licitantes. No caso de darse esta casuística, os membros da Mesa que poidan estar incusos en conflitos de interese serán substituídos polos seus suplentes, que comunicarán no mesmo día á presidencia da Mesa a posibilidade de conflito de interese, de ser así; a Xunta Directiva do Galp procederá ao nomeamento dos membros necesarios no prazo de tres días hábiles.
- Unha vez constituída a Mesa de Contratación procederáse á análise da documentación e a admisión das ofertas que cumpran cos requisitos de solvencia económica e técnica especificados nos pregos. Aquelas propostas que sexan obxecto de subsanación dispoñerán de dous días hábiles para aportar a documentación necesaria dende a data de comunicación.
- Posteriormente procederáse, en acto público, á apertura do sobre C. A data de apertura será publicada no enderezo web. <https://galp.xunta.gal/seo-fisterra-ria-muros-noia>. no apartado correspondente a este procedemento con 48 horas de antelación co obxecto de proceder a avaliar o seu contido conforme aos criterios recollidos no presente prego. Para o contido do sobre C non procederá a posibilidade de subsanar a documentación quedando excluídas aquelas ofertas que non cumpran cos requisitos especificados no prego.
- Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de Contratación remitirá á Xunta Directiva do Galp a correspondente proposta de clasificación e adxudicación, na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente, incluíndo a puntuación outorgada a cada unha das ofertas por aplicación dos distintos criterios de adxudicación e identificando a mellor oferta puntuada. Dita proposta será publicada no enderezo web do procedemento e, transcorrido o prazo de 5 días



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

naturais, de non existir alegacións por parte de ningunha das empresas licitantes procederáse á subscrición do contrato por parte da Presidencia do Galp.

No caso de que algún dos licitantes presente alegacións á resolución de adxudicación efectuada pola Xunta Directiva do Galp, a Mesa de Contratación reunirse no prazo de dous días naturais, para dar resposta á Xunta Directiva do Galp das alegacións presentadas que emitirá nova resolución de adxudicación.

Documentación previa esixida ao licitador antes da adxudicación.-

Unha vez comunicada a adxudicación do contrato pola Presidencia do Galp, a xerencia requirirá ao adxudicatario para que, dentro do prazo de dous días hábiles, proceda a presentar a documentación xustificativa seguinte de conformidade co establecido neste prego con anterioridade:

- 1) Que a sociedade estea validamente constituída, e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación. Documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade.
- 2) Documentos que acrediten, no seu caso, a representación.
- 3) Xustificantes de non ter débedas de natureza tributaria co Estado nin coa Administración Autonómica de Galicia, nin débedas coa Seguridade Social.
- 4) Toda documentación que poida resultar necesaria para acreditar o cumprimento do Anexo IIA).

A Mesa de Contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita documentalmente o cumprimento dos requisitos de participación esixidos.

De non cumprimentarse adecuadamente a presentación de toda a documentación indicada nos apartados anteriores e no prazo, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación do licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

Duración do Contrato.-

O prazo para a execución dos traballos iniciárase o día seguinte da formalización do contrato e terá a duración dun ano, podendo ser prorrogable anualmente previo aviso da entidade contratante, establecendo como data límite o 31 de decembro de 2026. **A prórroga do contrato será obrigada para o contratista.**

O contrato extinguirase pola súa conclusión ou cumprimento, ou ben pola súa resolución.

Determinación do prezo.-

A formulación da proposta económica ten carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e impostos que se indiquen por razón do contrato.

En relación co Imposto sobre o Valor Engadido, terase en conta que na oferta do licitador deberá indicarse como partida independente.

O prezo do contrato establecerase por informe emitido, sen posibilidade de modificación, segundo figure na oferta do adxudicario.

Condicións do pago do prezo.-

O prezo será abonado pola entidade contratante trimestralmente en función do número de informes realizados e previa presentación de factura, e mediante transferencia bancaria no prazo de trinta días naturais dende a emisión da factura.

Admisión de variantes e melloras.-

Non se admiten variantes ao establecido nos presentes pregos nin melloras distintas ás especificadas nos criterios avaliábeis de forma automática.

Causas de resolución do contrato.-

No caso de que estimase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, o Galp Costa Sostible está facultado para esixir o seu cumprimento ou declarar a resolución do contrato.

Ademais o Galp Costa Sostible poderá acordar a resolución do contrato no caso de que concorra algunha das seguintes causas:



- a. A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 98 da LCSP relativo á sucesión do contratista.
- b. A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- c. O incumprimento do establecido no plan de traballo, así como dos prazos establecidos nos presentes pregos por parte do contratista.
- d. O incumprimento das melloras especificadas por parte do contratista, sempre que foran tidas en conta na valoración da oferta.
- e. **A acumulación de mais de tres incidencias por causas imputables ao auditor, na xustificación de expedientes por parte do Grupo tanto de gastos de xestión como de axudas a proxectos.**
- f. **No caso dos informes de auditoría dos gastos de xestión, as incidencias detectadas na xustificación que supoñan a non validación de gastos por parte da Autoridade de Xestión e por tanto, a asunción destes gastos por parte do Grupo, serán causas de resolución do contrato si a Xunta Directiva do Galp Costa Sostible así o determina.**

Prego de prescricións técnicas

O Galp Costa Sostible con CIF: G70196225 e domicilio social en Curro da Praza 1, 15250 Muros, é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión da prioridade 3 do FEMPA, e está suxeita ao convenio asinado con esta entidade para a xestión destes fondos.

Na cláusula décimo sexta do mencionado convenio: **Gastos de Funcionamento e Animación dos Galp**, menciónase a tipoloxía de gastos obxecto de subvención e no apartado h do punto 8, especificase que a xustificación de ditos gastos acompañase dun informe dun auditor de contas inscrito no ROAC que cumpra coas instrucións específicas que se diten ao respecto e que certifique:



- Que as subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custe se certifica foron efectivamente realizadas.
- Os gastos declarados en cada certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagados.

Ditos gastos serán xustificados trimestralmente ou no momento do esgotamento do anticipo do 50% da cantidade asignada a cada anualidade. .

Na cláusula vixésimo primeira **Funcións do Galp, no procedemento de concesión de axudas no apartado c) Respecto ás certificacións dos proxectos nas que os Galp non son beneficiarios no punto 3º especificase que se remitirá un informe de auditoría con cada certificación que presente o Galp á Consellería do Mar, conforme se estableza no Réxime de axudas, neste caso as Orde do 14 de setembro de 2023 que regula o procedemento PE155A.**

Segundo se establece no punto 7 do Artigo 23 da mencionada Orde :

Con cada proposta de pago realizarase un informe de auditoría que certifique canto menos os seguintes extremos.

- Que as subministracións de bens, as prestacións de servizos, e en xeral a actividade subvencionada cuxo custe se certifica foron efectivamente realizados dentro do prazo establecido e teñen relación coa actividade subvencionada. A comprobación realizarase a través da natureza de ditos gastos e do seu análise.
- Que os gastos declarados en cada certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagados dentro do prazo de xustificación e que se levan os rexistros contables independentes ou se usa un código contable adecuado de acordo co establecido no artigo 7.2.h)
- Que existe coherencia entre a xustificación da actividade subvencionada, das características da mesma, da xustificación económica e da normativa e dos fins da subvención.
- No caso de poderes adxudicadores revisarase a contratación pública e certificarase que cumpre os requisitos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.



Contido do traballo a realizar .-

Os traballos de auditoría realizaranse conforme o exposto nas Bases Regulatoras para a concesión da axudas para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP), aprobadas aos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro para o desenvolvemento sustentable as zonas de pesca no Marco do Fondo Marítimo de Pesca acuicultura 2021-2027, publicadas pola Consellería do Mar, (Orde 14 de setembro de 2023) as instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e o convenio mencionado, sempre atendendo a que:

1.O informe recollerá como mínimo os seguintes puntos:

a)Propósito do informe.

b)Tipo de Xustificación (parcial/final).

c)Datos do Proxecto:

-Promotor

-Proxecto

-Tipo de Proxecto

-Descrición do Proxecto

-Orzamento total do Proxecto

-Orzamento total concedido (custo subvencionable)

-Axuda total concedida

-Prazo de execución

-Inicio e final do período de elixibilidade dos gastos e pagamentos

d)Táboa que conteña cada unha das liñas/conceptos de gasto, e que, ademais da axeitada descrición e identificación de cada un dos gastos (provedor, NIF, concepto, nº factura, etc.) integre as seguintes columnas: Gasto certificado polo promotor; Importe subvencionable segundo a resolución; Importe admitido/verificado por auditoría; tanto por cento imputado.

e)Manifestación da comprobación realizada, dentro do alcance e nivel que permitan os rexistros públicos accesibles ao auditor, do cumprimento do requisito de non vinculación establecido no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e do artigo 43.2 do seu Regulamento



(de conformidade coa definición de “non vinculación” dos RD 1514/2014 e 1515/2007).

Nos supostos no que a descrición dos gastos xustificadas polo promotor non coincidan exactamente cos conceptos subvencionables incluídos na resolución de concesión de axuda, o informe de auditoría relacionará na antedita táboa cada detalle de gasto co concepto subvencionable correspondente.

2.No proceso de revisión da documentación que presenta o promotor e achega o GALP como xustificación dos gastos e investimentos realizados, aplicaranse os seguintes procedementos:

a)Verificación do soporte documental xustificativo dos gastos certificados pola Entidade (factura ou documento contable de valor probatorio equivalente).

b)Comprobación dos pagamentos realizados, mediante o exame dos correspondentes documentos xustificativos de cargo en conta bancaria, con identificación do beneficiario.

c)Comprobación do rexistro contable dos gastos e dos pagamentos realizados.

d)Inspección física, se procede, dos gastos certificados e da actividade ou investimento subvencionados.

e)Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de elixibilidade do gasto certificado (período de elixibilidade, concepto do gasto, actividade subvencionada, que sexa gasto efectivamente pagado, etc).

f)Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de contratación de obra, subministración, asistencia técnica ou calquera outro tipo de contratación.

g)Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia doutras axudas.

h)Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de información e publicidade.

i)Comprobación do cumprimento da normativa aplicable en materia de medio ambiente se procede.

j)Verificación da existencia dun sistema de contabilidade separado.



3.No caso de que os promotores dos proxectos sexan poderes adjudicadores revisarase a contratación pública e certificarase que cumpre os requisitos da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A relación da normativa aplicable empregada para a emisión do informe achegarase como anexo e incluírá como mínimo a normativa de aplicación recollida na orde de bases reguladoras das axudas e na resolución de concesión.

4. Realizarase unha visita de inspección física na que se comprobará a efectiva existencia dos bens obxecto de axuda, que será realizada no prazo máximo de 15 días dende a data de xustificación da axuda.

En base ao traballo realizado, o auditor emitirá informe certificando, positiva ou negativamente, para ese proxecto concreto, a xeito conclusivo, se:

As subministracións de bens, as prestacións de servizos e, en xeral, a actividade subvencionada cuxo custe se certifica foron efectivamente realizadas en prazo e se os gastos declarados na certificación son subvencionables, están soportados con facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e están pagos en prazo.

Nos supostos de certificación negativa indicarse con claridade en que aspecto concreto se identifica o incumprimento.

Non son admisibles a existencia de cláusulas ou dilixencias nos ditos informes de auditoría que introduzan confusión sobre a responsabilidade do acto de certificación da elixibilidade e legalidade e que despracen esa responsabilidade cara ao beneficiario ou cara á persoa xerente do GALP.

A certificación do auditor será remitida ao GALP, que en caso de ser positiva certificará de conformidade, na proposta de pagamento que o presidente do GALP elevará a Consellería, o cumprimento de todos os requisitos da normativa reguladora.

O adjudicatario desta contratación deberá realizar, a requirimento do equipo técnico do GALP Costa Sostible, tantos informes de auditoría como sexan necesarios para a correcta xestión do programa (tanto para a xustificación de gastos de xestión como para a xustificación de expedientes de promotores). **No**



caso de que unha vez presentada a xustificación do expediente o departamento de verificación do Organismo Intermedio de Xestión atope incidencias que competen á realización do informe de auditoría, o auditor deberá redactar un novo informe de auditoría para subsanar as deficiencias detectadas.

No caso específico da revisión da conta xustificativa dos gastos de funcionamento e animación dos Galp , prestarase especial atención :

- A que os procedementos de contratación se axusten ás instrucións vixentes en materia de contratación dos Galp.
- As actividades de animación se correspondan cos plan anuais de animación dos Galp ou as súas modificacións e cumpran cos requisitos das instrucións correspondentes.
- As axudas de custe incluídas como gastos se correspondan coas actividades descritas e se axusten as instrucións sobre as mesmas.

Plan de traballo.-

O adxudicatario da contratación comprometerase á realización do o seguinte plan de traballo.

No caso dos gastos de xestión:

O Galp deberá xustificar estes gastos trimestralmente ante a consellería do Mar polo que remitirá a documentación ao auditor no prazo de 5 días dende a finalización do trimestre. A documentación será revisada polo equipo do auditor que solicitará ao Galp, todas as aclaracións para que no prazo de cinco días dende a recepción da documentación se emita o preceptivo informe, que será revisado polo equipo técnico do Galp antes da súa sinatura.

Realizaranse un total de cinco informes de auditoría anuais, un por cada trimestre e outro unha vez se esgote o primeiro anticipo dos gastos de xestión, Na anualidade 2023 deberanse auditar os gastos dos catro trimestres do ano e da solicitude de anticipo si fose necesario, non se prevé a realización de informes de auditoría de proxectos nesta anualidade. Os informes dos tres primeiros trimestres do ano deberán realizarse antes da data do 30 de novembro.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

No caso da comprobación das xustificacións de axudas a proxectos.

- Unha vez emitida a resolución de concesión de axuda, o equipo técnico do Grupo remitirá ao auditor a documentación tida en conta para a concesión da axuda, para que o auditor teña un coñecemento previo do proxecto e das súas datas de xustificación.
- Chegada a data de xustificación no prazo de dous días o equipo técnico do Grupo remitirá ao auditor a documentación xustificativa para a súa revisión, quen no prazo de outros dous días dende a recepción da mesma, comunicará ao equipo técnico as deficiencias detectadas, a efectos de requirir ou solicitar ao promotor as aclaracións oportunas.
- Unha vez contestado o requirimento de documentación por parte do promotor, o auditor disporá do prazo de sete días para a elaboración do informe e a comprobación física dos investimentos a xustificar, dende a dada da recepción da documentación subsanatoria por parte do Grupo. Dito informe deberá ser revisado polo Grupo para a súa sinatura.

No caso de que as instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou a normativa reguladora das axudas supoñan variacións no contido ou no plan de traballo especificados nos presentes pregos, estes apartados adaptaranse ao contido de ditas instrucións.

Funcións e obrigacións do adxudicatario.-

Como resultado, o adxudicatario realizará os informes de auditoría necesarios para que o Galp Costa Sostible poida realizar a xustificación dos gastos de xestión e axudas concedidas a promotores segundo se especifique nas instrucións ou normativa remitidas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para aplicación das EDLP no marco do FEMPA(2021-2027), e a redactar os informes de auditoría necesarios no caso de que o departamento de verificación de proxectos así o solicite para subsanar as incidencias detectadas nos distintos expedientes.

O adxudicatario obrígase a manter a confidencialidade da información á que poida ter acceso en función dos traballos descritos nos presentes pregos, antes, durante e despois



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

do desenvolvemento dos mesmos e o cumprimento do plan de traballo especificado nos presentes pregos.

Os presente pregos foron aprobados pola Xunta Directiva do Galp Costa Sostible na súa reunión do 27 de xuño, posteriormente ao nomeamento da Mesa de Contratación que formulará proposta de adxudicación deste procedemento. Os membros da Mesa de Contratación e a Presidencia do Grupo non estiveron presentes no momento da aprobación deste documento.

Muros 27 de Setembro de 2023

Daniel Formoso Moledo

Presidente Galp Costa Sostible